

5.3. Unha ferramenta



GoogleMaps é un servizo de *Google* que está en funcionamento desde 2005. Permite realizar procuras de negocios, rúas ou localidades ben polo seu nome ou ben polas coordenadas de situación.

Tamén permite ampliar a visión dos lugares mediante o zoom, e ata, ao combinalo con *Street View*, ver imaxes directas dos lugares. Pódense calcular percorridos e a duración dos mesmos, así como personalizar os mapas para indicar elementos do teu interese.

Para poder ver os mapas só é preciso acceder a *GoogleMaps*, e, no caso de querer ver un mapa personalizado, ir á ligazón do enderezo web na que está publicado. Pero, se o que queres é crear o teu propio mapa personalizado, deberás:

1. Accede a <https://maps.google.es>
2. Rexístrate ou emprega a túa conta de *gmail*, se a tes.
3. Unha vez realizado o rexistro, poderás acceder ao servizo co teu nome de usuario e contrasinal.
4. Na barra de procura da parte superior esquerda da pantalla, selecciona *Os teus lugares*.
5. Marca a lapela *Mapas*.
6. Preme en: VER TODOS OS MEUS MAPAS
7. Elixe +CREAR UN MAPA NOVO.
8. Dálle un título e unha breve descrición
9. Localiza os lugares que desexes, crea itinerarios ou debuxa zonas.
10. Engade información complementaria: Fotografías, ligazóns, descrición.
11. Unha vez rematado, faino público e selecciona a opción que queres para compartir.
12. Insire o mapa no teu blog ou páxina web.



CREANDO UN MAPA

Empregando Google Maps



Curso feminisTIC

Acceso e rexistro

- 1 Accede a: Google Maps
- 2 Rexístrate ou accede coa túa conta de Gmail

Creación do mapa

- 4 Preme en: e selecciona Os teus lugares
- 5 Selecciona a lapela MAPAS
- 6 Preme en: VER TODOS OS MEUS MAPAS
- 7 Elixo + CREAR UN MAPA NOVO

Engadir elementos

- 9 Engade

Compartir o mapa

- 11 Selecciona e preme en COMPARTIR

Para saber máis



A creación dos mapas é moi intuitiva e non precisa ningún coñecemento previo, pero *Google* ten tutoriais bastante completos sobre como realizar os mapas, por exemplo:

https://www.google.es/intl/es/earth/outreach/tutorials/mapseng_lite.html

Unha alternativa a Google Maps

OpenStreetMap

En 2004, e coa idea básica de crear mapas de uso libre e que poidan ser editables de xeito colaborativo, Steve Coast puxo en marcha este servizo que se converteu en fundación en 2006.



O proxecto xorde como alternativa tanto da información xeográfica dos estados, da que non se permite o uso e a modificación libre, como dalgunhas iniciativas de creación colectiva de mapas, como GoogleMaps, por exemplo, que teñen un carácter comercial.

No caso de querer facer unha pequena corrección ou anotación non é necesario rexistrarse, simplemente engádese unha nota, pero, se queres empregar este servizo como recurso de traballo é interesante rexistrarse.

Acceso ao servizo: <http://www.openstreetmap.org>

Licenciado baixo a [Licenza Creative Commons Recoñecemento Compartir igual 4.0](#)

María Miragaya